



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura

Modificación bases reguladoras residencias artísticas Mariñán do ano 2026

ANUNCIO

Mediante resolución da presidencia número 59103 do 11 de decembro de 2025 aprobase modificar a resolución de Presidencia 58071 de 4 de decembro de 2025 pola que se aproban as bases e a convocatoria das residencias artísticas Mariñán, no sentido seguinte:

ONDE DI

6.1 Criterios de valoración

A valoración das solicitudes realizarase de acordo cos seguintes criterios e puntuacións, en función da área:

RESI-MU – Música:

- Calidade artística do proxecto. Ata 30 puntos.
- Singularidade, innovación e orixinalidade artística ou conceptual. Ata 20 puntos.
- Viabilidade, coherencia da proposta e potencial de proxección. Ata 20 puntos.
- Implicación co territorio, a cultura propia e a comunidade local. Ata 10 puntos.
- Diversidade de xénero no elenco artístico e técnico. Ata 10 puntos (quero cambiar a actual "igualdade" por "diversidade", menos binario e máis inclusivo).
- Participación no proxecto doutras disciplinas artísticas. Ata 5 puntos.
- Opcións de co-produción con outras residencias, festivais ou espazos de programación. (Será preciso acreditalo con cartas de compromiso). Ata 5 puntos.

DEBE DICIR

6.1 Criterios de valoración

A valoración das solicitudes realizarase de acordo cos seguintes criterios e puntuacións, en función da área:

RESI-MU – Música:

- Calidade artística do proxecto. Ata 30 puntos.
- Singularidade, innovación e orixinalidade artística ou conceptual. Ata 20 puntos.
- Viabilidade, coherencia da proposta e potencial de proxección. Ata 20 puntos.
- Implicación co territorio, a cultura propia e a comunidade local. Ata 10 puntos.
- Diversidade de xénero no elenco artístico e técnico. Ata 10 puntos.
- Participación no proxecto doutras disciplinas artísticas. Ata 5 puntos.
- Opcións de co-produción con outras residencias, festivais ou espazos de programación. (Será preciso acreditalo con cartas de compromiso). Ata 5 puntos.

Polo tanto o texto definitivo da resolución quedará como sigue:

BASES RESIDENCIAS ARTÍSTICAS MARIÑÁN DO ANO 2026

A área de Cultura da Deputación da Coruña vén desenvolvendo desde hai anos unha moi importante labor de apoio á creación artística a través da convocatoria anual de todo un amplo repertorio de premios e certames nos diferentes ámbitos e disciplinas.

A área de Cultura da Deputación da Coruña quere reforzar as súas liñas de apoio ás creadoras e creadores continuando cun programa centrado non nas pezas ou resultados finais, senón no apoio aos procesos creativos, a través das Residencias Artísticas Mariñán.

A través da presente convocatoria seleccionaranse catro proxectos do ámbito musical, catro proxectos do ámbito da literatura e o pensamento e oito proxectos do ámbito da creación de contidos socioculturais en redes sociais para desenvolver a súa residencia creativa no Pazo de Mariñán, de acordo ás seguintes:

BASES

Primeira.- Obxecto e finalidade

Este programa ten por obxecto seleccionar 16 proxectos para desenvolver a súa residencia creativa no Pazo de Mariñán, distribuídos nas seguintes áreas

RESI-MU – Música (4 proxectos)

RESI-LP – Literatura e pensamento (4 proxectos)

RESI-RS – Creación de contidos socioculturais en redes sociais (8 proxectos)

1.1 RESI-MU - Música

As residencias de música están dirixidas a bandas ou artistas solistas maiores de 18 anos que teñan a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia (no caso dos grupos deberán ter, polo menos, un terzo dos seus compoñentes), e que non obtivesen unha residencia Mariñán de música anteriormente.

Os obxectivos do programa son os seguintes:

- Promover o desenvolvemento da produción musical galega desde unha ollada contemporánea e consciente.
- Establecer un contexto de acompañamento e formación para mellorar a viabilidade e a profesionalización das producións.
- Crear sinerxias con outras residencias e programacións para fomentar o intercambio de propostas e artistas e mellorar a proxección das producións.

Requisitos das propostas

A autoría da letra e a música da canción debe ser da persoa solista ou dos membros da banda que a presenten.

As propostas presentadas poderán ser de calquera estilo musical e deberán estar compostas de repertorio propio, excluíndose aquelas que só contén con versións doutras persoas autoras, exceptuando as baseadas na música tradicional ou na música clásica.

A lingua galega deberá ser a lingua principal do contido artístico da proposta, sen que iso impida a presenza tamén doutras.

Non se admitirán en ningún caso proxectos con contidos machistas, homófobos, tránsfobos, racistas ou que atenten contra a liberdade e a dignidade das persoas.

1.2 RESI-LP – Literatura e pensamento

Dentro da área de residencias de literatura e pensamento existen as seguintes modalidades:

A) Modalidade de literatura

Dirixida a persoas maiores de 18 anos que teñan a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia e desenvolvan o seu proxecto literario en lingua galega, en calquera das súas expresións: narrativa, ensaio, poesía, teatro, guiión cinematográfico, banda deseñada, xéneros híbridos..., e que non obtivesen unha residencia Mariñán de literatura e pensamento na convocatoria anterior.

B) Modalidade de pensamento

Dirixida a persoas maiores de 18 anos que teñan a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia que investiguen calquera ámbito de coñecemento: filosofía, antropoloxía, historia, arte, economía, dereito, política, sociedade..., e que non obtivesen unha residencia Mariñán de literatura e pensamento na convocatoria anterior.

Os obxectivos desta modalidade son fornecer as condicións favorables para intensificar o proceso de creación literaria e o pensamento en contextos de traballo e aprendizaxe comunitarios.

Requisitos das propostas

A lingua galega deberá ser a lingua principal do contido da proposta, sen que iso impida a presenza tamén doutras. Igualmente a lingua galega será a lingua por defecto na presentación do proxecto, na comunicación social deste e en xeral en todos os soportes de comunicación e desenvolvemento do proxecto.

Non se admitirán en ningún caso proxectos con contidos machistas, homófobos, tránsfobos, racistas ou que atenten contra a liberdade e a dignidade das persoas.

1.3 RESI-RS – Creación de contidos socioculturais en redes sociais

Esta área ten por obxecto seleccionar oito proxectos da creación de contidos socioculturais en redes sociais para desenvolver a súa residencia creativa no Pazo de Mariñán.

Dirixida a persoas ou grupo de persoas creadoras de contidos maiores de 18 anos que contan con perfís de carácter cultural en redes sociais, cuxo proxecto conte cunha traxectoria inferior a dous anos e que teñan a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia (no caso de equipos ou proxectos multipersoais deberán tela, polo menos, un terzo das persoas compoñentes).

Os obxectivos do programa son os seguintes:

- Ofrecer un espazo de produción, investigación e formación ao redor da creación de contidos en redes sociais.
- Promover a profesionalización das persoas creadoras de contidos en galego na Rede.
- Fomentar a conexión e a relación entre as iniciativas do eido, favorecendo o encontro social e comunitario e o intercambio creativo e de aprendizaxes.
- Promover o desenvolvemento de proxectos comunicativos coa calidade e a responsabilidade social como eixos.
- Establecer un contexto de acompañamento e formación para mellorar a viabilidade e a profesionalización dos proxectos.

Requisitos das propostas

Poderanse presentar, proxectos en calquera das redes sociais en funcionamento no momento de publicación das bases e con calquera tipo de formato (fotográfico, audiovisual, podcast, textual etc).

As propostas presentadas deberán ter unha/s temática/s relacionadas co ámbito da cultura, entendida nun sentido amplo, e estarán creadas con materiais propios (audiovisual, textual etc), excluíndose aquelas que conteñan unha maioría de adaptacións ou publicacións doutras contas.

A lingua galega deberá ser a lingua principal do contido do proxecto.

Non se admitirán en ningún caso proxectos con contidos machistas, homófobos, tránsfobos, racistas ou que atenten contra a liberdade e a dignidade das persoas.

1.4 Exclusiones

Non se admitirán propostas cunha antigüidade superior a un ano ou que supoñan unha continuidade ou fases sucesivas de propostas xa premiadas noutros certames ou convocatorias da Deputación da Coruña en anos anteriores ou no presente.

Na área RESI-RS quedarán excluídas tamén as propostas que representen exclusivamente campañas promocionais de empresas ou administracións.

Segunda.- Duración e calendario das residencias

As residencias desenvolveranse coa seguinte duración segundo a área:

- RESI-MU: 4 proxectos
6 días entre o 13 e o 24 de abril. Establécense dúas quendas, dous proxectos por quenda, unha do 13 ao 18 de abril e outra do 19 ao 24 de abril.
- RESI-LP: 4 proxectos
12 días, entre o 13 e o 24 de abril.
- RESI-RS: 8 proxectos
6 días entre o 13 e o 24 de abril. Establécense dúas quendas, catro proxectos por quenda, unha do 13 ao 18 de abril e outra do 19 ao 24 de abril.

Serán as persoas comisarias das diferentes áreas das residencias quen asignarán as quendas definindo o calendario final das residencias, de acordo coas persoas responsábeis dos proxectos seleccionados, as persoas responsábeis do Pazo de Mariñán e o propio Servizo de Cultura da Deputación da Coruña.

Terceira.- Dotación das residencias

A dotación das residencias artísticas será a seguinte, en función da área:

RESI-MU - Música

- Espazo de traballo no Pazo de Mariñán, con varias estancias de diferentes características adaptadas ás necesidades da creación e a formación. As salas de creación non son espazos escénicos convencionais e non contan con equipamento técnico (si contan con conexión eléctrica, conexión a internet e mobiliario básico).
- Aloxamento en habitación de uso individual, en réxime de pensión completa no Pazo de Mariñán durante os días da residencia.
- Acompañamento e seguimento da proposta por parte da persoa comisaria das residencias durante a estancia no Pazo de Mariñán, co fin de facilitar a viabilidade do proxecto e a súa inserción no contexto musical profesional.
- Formación específica para a profesionalización e a distribución do proxecto por parte de persoas expertas convidadas.
- Visitas e reunións con outras e outros axentes culturais e programadores como apoio á continuidade da proposta dentro dos circuítos musicais.

A residencia inclúe o custo das necesidades técnicas da creación, que en ningún caso poderá superar os 5.000 € IVE incluído por proxecto. Esta dotación está destinada a cubrir as necesidades que poida ter a creación na propia residencia, como o alugueiro do equipamento técnico, deseño escénico, deseño de luces e de son, vestiario, fotografía e vídeo ou desprazamentos das participantes doutros territorios. Quedan excluídos os honorarios.

A criterio da persoa comisaria das residencias de música, un proxecto poderá ser seleccionado para continuar a súa residencia no centro Fabra i Coats de Barcelona. Esta fase de continuidade terá carácter técnico, orientada a desenvolver a montaxe final e realizar as probas precisas co equipamento máis axeitado. Fabra i Coats porá a disposición o espazo de traballo e os medios técnicos necesarios, mentres que a Deputación da Coruña asumirá os custos de viaxe e manutención das persoas participantes.

RESI-LP – Literatura e pensamento

- Espazo de traballo no Pazo de Mariñán, con varias estancias de diferentes características adaptadas ás necesidades da creación e a formación. As salas de creación non son espazos escénicos convencionais e non contan con equipamento técnico (si contan con conexión eléctrica, conexión a internet e mobiliario básico).
- Aloxamento en habitación de uso individual con espazo de traballo propio, en réxime de pensión completa no Pazo de Mariñán durante os días da residencia.
- Acompañamento e seguimento da proposta por parte da persoa comisaria das residencias durante a estancia no Pazo de Mariñán, co fin de facilitar a viabilidade do proxecto.
- Encontro con persoas relacionadas co mundo da creación e do pensamento, convidadas durante unha xornada.

RESI-RS - Creación de contidos socioculturais en redes sociais

- Espazo de traballo no Pazo de Mariñán, con varias estancias de diferentes características adaptadas ás necesidades da creación e a formación.
- Aloxamento en habitación de uso individual, en réxime de pensión completa no Pazo de Mariñán durante os días da residencia.
- Acompañamento e seguimento da proposta por parte da persoa comisaria das residencias durante a estancia no Pazo de Mariñán.
- Formación específica por parte de persoas expertas convidadas.

A residencia inclúe o custo das necesidades técnicas da creación, que en ningún caso poderá superar os 500 € IVE incluído por proxecto. Esta dotación está destinada a cubrir as necesidades que poida ter a creación na propia residencia, como o alugueiro do equipamento técnico, fotografía e vídeo ou desprazamentos das participantes doutros territorios. Quedan excluídos os honorarios.

Cuarta.- Prazo, forma e documentación da presentación das candidaturas

O prazo de presentación de solicitudes de participación comezará ás 08:00 horas do día 1 de xaneiro de 2026 e rematará ás 14:00 horas do día 16 de febreiro de 2026.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático a través da Plataforma de tramitación electrónica da Deputación provincial da Coruña (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática, quen presente a solicitude deberá dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificativo, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Deberase dispor de sinatura ou certificado dixital.

Tanto a solicitude coma o resto da documentación deberán estar asinadas pola persoa que presente a solicitude e que actuará como representante do grupo ou artista.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar a integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cubran os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Documentación que se debe presentar segundo os modelos que figuran na plataforma SUBTEL:

Común a todas as modalidades:

- Nomeamento da persoa representante, para as súas relacións coa Deputación da Coruña (No caso dos grupos musicais ou equipos/colectivos deberá estar asinada por todas as persoas compoñentes do grupo ou equipo).
- Certificación ou volante de empadramento, acreditativo da residencia en algún concello galego. (No caso dos grupos musicais ou equipos/colectivos, deberán presentalo, polo menos, un terzo dos seus compoñentes).

Documentación específica RESI-MU:

- Memoria descriptiva do proxecto que inclúa os seguintes datos:
 - Biografía/traxectoria da banda ou artista.
 - Descrición detallada do proxecto.
 - Elenco artístico e técnico, especificando todas as funcións, incluíndo posibles colaboracións.
 - Motivación explicando os obxectivos da participación.
 - Enlaces a vídeos, audios e material gráfico dos proxectos anteriores, se existen, das persoas solicitantes.
 - Desglose detallado do custo das necesidades técnicas da creación
 - Desglose da outra financiación do proxecto, se a hai: patrocinios privados, subvencións públicas, co-producións, financiación propia...
- Declaración de autoría e titularidade dos dereitos dos temas orixinais
- Cartas de compromiso

Documentación específica RESI-LP:

- Memoria descriptiva do proxecto que inclúa os seguintes datos:
 - Proposta de traballo e investigación persoal que se vai desenvolver no contexto da residencia (sintetizada nunha extensión máxima de tres páxinas)
 - Relato autonarrativo, motivación da solicitude e traxectoria artística (máximo tres páxinas)
 - Currículo (optativo).

Documentación específica RESI-RS:

- Memoria descriptiva do proxecto que inclúa os seguintes datos:
 - Traxectoria das persoas integrantes do proxecto (máximo 1 páxina).
 - Proposta de traballo para desenvolver no contexto da residencia (máximo 6 páxinas).
 - Motivación explicando as razóns que a levan a facer a solicitude. (formato aberto)

- Relación das necesidades formativas e técnicas (especificar orzamento ou previsións de gastos destas últimas) para o correcto desenvolvemento da residencia.

Quinta.- Xurados

Para a valoración das solicitudes constituirase un xurado para cada área de residencias. Os xurados estarán presidido pola deputada de Cultura, quen actuará con voz e sen voto, e formarán parte deles tres persoas expertas de recoñecido prestixio de cada ámbito propostas por ela.

As funcións de secretaría exerceraas a Secretaría da Corporación ou a persoa funcionaria en quen delegue.

Para o nomeamento dos xurados respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

As persoas que integren os xurados estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. A composición dos xurados darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no Taboleiro de anuncios da sede electrónica co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: Órganos colexiados das distintas administracións públicas”, artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do xurado.

Sexta.- Valoración das solicitudes e resolución da convocatoria

6.1 Criterios de valoración

A valoración das solicitudes realizarase de acordo cos seguintes criterios e puntuacións, en función da área:

RESI-MU – Música:

- Calidade artística do proxecto. Ata 30 puntos.
- Singularidade, innovación e orixinalidade artística ou conceptual. Ata 20 puntos.
- Viabilidade, coherencia da proposta e potencial de proxección. Ata 20 puntos.
- Implicación co territorio, a cultura propia e a comunidade local. Ata 10 puntos.
- Diversidade de xénero no elenco artístico e técnico. Ata 10 puntos (quero cambiar a actual "igualdade" por "diversidade", menos binario e máis inclusivo).
- Participación no proxecto doutras disciplinas artísticas. Ata 5 puntos.
- Opcións de co-produción con outras residencias, festivais ou espazos de programación. (Será preciso acreditarlo con cartas de compromiso). Ata 5 puntos.

RESI-LP – Literatura e pensamento

- Interese da proposta presentada: ata 5 puntos.
- Traxectoria creativa do/a escritor/a ou pensador/a: ata 2,5 puntos.
- Interese do foco do seu traballo ou investigación dentro do contexto cultural galego: ata 2,5 puntos

* A selección das propostas será equilibrada entre as catro residencias.

RESI-RS – Creación de contidos socioculturais en redes sociais

- Interese, calidade comunicativa e coherencia do proxecto. Ata 40 puntos.
Valoración xeral da proposta na que se terá en conta a traxectoria da/s persoa/s integrante/s do proxecto, a proposta de traballo e as razóns que a motivan a facer a solicitude.
- Definición da estratexia comunicativa. Ata 20 puntos.
Valorarase a existencia dunha estratexia de comunicación que detalle, entre outros, os obxectivos do proxecto, o público obxectivo ao que se dirixe, a potencialidade de proxección e o alcance.
- Singularidade, innovación e orixinalidade formal ou conceptual. Ata 20 puntos.
Valorarase a apertura a novas temáticas e formatos dentro do marco da creación de contidos.
- Implicación co territorio, a cultura propia e interese do seu traballo dentro do contexto cultural galego. Ata 10 puntos.
- Deseño dun código ético e de accesibilidade. Ata 10 puntos.

Valorarase a definición dos criterios éticos que rexerán a elección e formulación de contidos. Tamén se valorará a especificación das accións que se levarán a cabo para garantir a accesibilidade dos contidos e a aplicación da linguaxe inclusiva.

* A selección das propostas será equilibrada entre as oito residencias.

6.2 Procedemento de valoración

Os xurados formularán a súa proposta de concesión, que será motivada, e as súas deliberacións serán segredas. Poderán nomear o número de suplentes que consideren oportuno, establecendo unha orde de prioridade en función da puntuación obtida. Estas persoas accederán ás residencias, unicamente, no caso de existir algunha renuncia ou revogación polo incumprimento das obrigas desta convocatoria.

Así mesmo poderá excluír aquelas solicitudes que non inclúan unha proposta real de creación ou declarar desertas as residencias.

As propostas que formulen serán obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación. A resolución da convocatoria será notificada ás persoas interesadas mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Nos días seguintes á publicación, as persoas seleccionadas serán contactadas a fin de coordinar e dispor o necesario para encetar as estadías.

As persoas que resulten seleccionadas deberán confirmar a súa participación (a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL), no prazo de 5 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación da resolución de concesión. En caso contrario, informarase ás persoas suplentes seguindo a orde de prelación considerado no proceso de valoración, que terán un prazo de 5 días para confirmar a súa participación.

Sétima.- Obrigas

As persoas beneficiarias deberán cumprir as seguintes obrigas:

- Cumprir as normas de uso do Pazo de Mariñán, que serán facilitadas ás persoas participantes antes do inicio da residencia e que terán que devolver asinadas para a súa conformidade. As persoas residentes poderán ter que convivir con outras actividades e con outras persoas usuarias do Pazo, sempre respectando os seus espazos de traballo.
- Ao rematar a residencia, presentar unha memoria que explique o traballo realizado e recolla as conclusións. A memoria deberá ter a conformidade da persoa comisaria da modalidade correspondente e deberá presentarse no prazo máximo dun mes dende a finalización da residencia, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación da Coruña SUBTEL.
- Participar nas actividades que se organicen desde a Deputación da Coruña para dar difusión ao programa de residencias, como presentacións para prensa, videos ou calquera outro formato.
- Facilitar ao departamento de comunicación da Deputación da Coruña todo o material promocional necesario para a difusión do proxecto.
- Utilizar a lingua galega por defecto na presentación do proxecto, na comunicación social deste e en xeral en todos os soportes de comunicación e desenvolvemento do proxecto.
- Nomear a Área de Cultura da Deputación da Coruña en todas as comunicacións que se fagan da residencia, do proceso ou da obra resultante, tanto en redes sociais como en notas de prensa.

Nos soportes de edición e comercialización do proxecto, deberá figurar de forma expresa a seguinte frase: *“Este proxecto contou cun apoio para o seu desenvolvemento a través das Residencias Creativas Mariñán da Deputación da Coruña”*. Igualmente deben aparecer os logotipos da Deputación e de *“A cultura é un dereito”*.

Nas publicacións en redes sociais derivadas do proxecto poden só incluír a mención ás residencias no texto descritivo na forma de cancelo (#residenciasmariñán) ou etiquetando a conta @culturadadeputaciondacoruña.

Oitava.- Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no desenvolvemento das actividades.

As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación.
- Filmacións destinadas á promoción da actividade.

- Publicacións para dar a coñecer a actividade.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPDP pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa Política de Privacidade ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Novena.- Aceptación das bases.

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

A Coruña, 16 de decembro de 2025

Presidente da Deputación Provincial da Coruña

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

Secretario xeral

MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ

2025/8444